


ARAÑA
ESTUPEFACTA
NO TEITO BRANCO

alfonso rodríguez

UNE VIE ENTIÈRE DÉDIÉE À LA BASKET !





era que era a era
era que a era era
a era que era
era que éramos
ou non éramos
parte da era que era?
era que éramos
cando era...
era que non éramos
cando era
ou cando non era
na era que era
éramos ou non éramos?
na era que era.
era que era a era,
a era da comunicación.




a elegancia, dentro de
nino medio.
áis, la serie de modelos
tegora en las dis-



os galos cantan
os paxariños chían
os coches roxen
os galos aturuxan
o mar rompe
os coches pitan
os homes dan portadas
os cans ladran (ficción)
as motos amolan
as caixas ábreñse
as ventás desprenden luz
as gaivotas berran
os galos cantan (de novo)
as cinzas postradas
ti durmida
a luz é azul
achégase o mediodía
os canos cheiran
os paraugas pechados
a cafeteira agarda
os chisqueiros son de cores
as casas ao lonxe
as urbanizacións ao lonxe
xente ao lonxe
as mentiras parecen lonxe
os cans ladran (non ficción)
mais están perto (as mentiras)
teño gañas de fumar
quizais debería lavar a cabeza
despois de que me lavaras os pés
como unha *magdalena* ausente
comín unha pera e un iogur
os homes dan portadas (de novo)
quizais debería lavar a cabeza.



observade, ollade
 esa praia cos seus grans
 grans de arroz
 que grima de area e cemento
 debaixo do *adoquín-asfalto*
 estaba o arroz ou a praia?
 debaixo da praia
 habitan canlóns
 tuberías cheas de leite
 cortado e mamado
 arroz con leite na praia
 coa grima dos grans
 sen iodo con novos plans
 para erguer utopías de formigón
 observade, ollade
 esa praia cos seus grans
 pequenas persoas que a asolagan
 cos envases de leite no seu interior
 mala leite que pariu
 mala leite que nos deu
 o desenvolvemento dos seus plans
 que había debaixo dos *adoquíns*?
 máis *adoquíns*
 máis area
 máis asfalto
 máis grans de area
 que grima de praia
 asolagada de recheos de arroz
 arroz con leite
 a utopía da praia
 estragada
 canalizada
 cara o mar
 en forma de cascallos
 millóns de cascallos
 de arroz con leite
 cortado, agro... que grima
 area!



montan
 freuen
 on. Vayan
 leza y aglida-
 es muy impor-
 cesión.
 e en Barcelona
 de las estrella
 che español es)
 de naci6? Su f
 no.
 :Donde vive ha
 ? novio? Es ar
 alien?